# MINI GUÍAS PRL

## A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

# Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

# Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.

- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

# Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.




# Ser un toxo

*Actitude dura e fría, trae problemas cada día.*

**Obxectivo preventivo:** fomentar unha cultura preventiva aberta, participativa e baseada na confianza.

**Puntos de control:**

- A dirección mostra compromiso coa prevención e integra as decisións de seguridade na xestión ordinaria.
- As persoas traballadoras poden comunicar erros, incidentes e riscos sen temor a represalias por facelo de boa fe.
- As propostas e advertencias do persoal reciben unha resposta e, cando procede, unha solución.
- As persoas responsables e os equipos colaboran na resolución de problemas preventivos.
- A formación e as reunións de seguridade promoven o diálogo e a aprendizaxe, non só a transmisión unilateral de instrucións.
- Os conflitos, a presión excesiva, a falta de apoio ou outros factores psicosociais avalíanse e xestiónanse cando están presentes.

**Evidencias que revisar:** actas de reunións, consultas aos representantes, rexistros de comunicacións preventivas, propostas de mellora e resultados das avaliacións psicosociais que correspondan.

**Pregunta clave**: na empresa é posible dicir «isto non é seguro» e conseguir que alguén escoite, actúe e dea resposta?

# Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

# A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456